

EGAP:

CONVOCATORIA FORMACIÓN CONTINUA 1º SEMESTRE 2026 ADMINISTRACIÓN XERAL E ENTES INSTRUMENTAIS

Publicada a [RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2026 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e da Administración institucional](#)

As actividades formativas figuran no anexo II, e deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Requisitos das persoas participantes:

Poderá participar:

- O persoal empregado público destinado en:
 - Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Entidades públicas instrumentais.
 - Administración institucional.
- Que se encontre en:
 - Situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria.
- Está exceptuado:
 - Persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
 - Persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
 - Persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, os/as empregados/as públicos/as da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Lei 17/1989.

Desenvolvemento das actividades de formación

- Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria.
- A **información** relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web: <https://egap.xunta.gal>.

Solicitudes e prazos

- As solicitudes **só poderán realizarse** mediante o **formulario de matrícula telemática** dispoñible no enderezo : <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as 9.00 horas do 19 de febreiro ata as 14.00 horas do 25 de febreiro de 2026
- **Número máximo de cursos que se poden solicitar: 5**

